



## Concello de Xinzo de Limia

### DECRETO DA PRESIDENCIA

O Concello de Xinzo de Limia pretende realizar unha contratación temporal para a substitución da persoa traballadora (auxiliar de axuda no fogar), axustándose ao sistema de baremos en vigor para o persoal laboral temporal, actualizado consonte ás previsións do Real Decreto Legislativo 5/2015, polo que se aproba o Estatuto Básico do Empregado Público, nas condicións que a continuación se detallan :

Nº de prazas: unha (1).

Denominación da praza: auxiliar de axuda no fogar

Clase de persoal: laboral temporal.

Modalidade de contrato temporal: Contratación por substitución da persoa traballadora

Duración: **O contrato por substitución da persoa traballadora finaliza cando teña lugar a reincorporación da titular da praza ou ben a extinción definitiva da relación laboral coa titular da praza.**

Funcións: as propias que se deriven da natureza da praza ofertada.

### COMISIÓN DE SELECCIÓN

A comisión avaliadora estará integrada, segundo o artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, do seguinte xeito:

Presidenta: Dona Marta María Gómez Ruiz, secretaria do Concello.

Primeiro vogal: Don José Manuel Estevez Franco, inspector-xefe de policía local.

Segundo vogal: Dona Rosa María Ferreiro Campelo, auxiliar administrativa.

Terceiro vogal: Don José Francisco Arias Cuesta, técnico de urbanismo.

Secretaria: Dona Ana María Fernández Novás, administrativa.

### REQUISITOS

a) Ter a nacionalidade española, ou de Estado Comunitario, ou ser cónxuxe de español ou de nacional de Estado Comunitario, ou ser extranxeiro con residencia legal en España.

b) Posuír a capacidade funcional para ó desempeño das tarefas. Acreditación obrigatoria requirida: certificado médico.

c) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria o equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso o emprego público. Acreditación obrigatoria requirida: declaración de veracidade.

e) Titulación: Estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria (regulado no Real Decreto 496/2003, do 2 de maio) ou equivalente a efectos laborales, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente (certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas dependentes en





## Concello de Xinzo de Limia

---

institucións sociais), regulado no Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade, ou en condicións de obtelo na data en que termine o prazo de presentación de instancias. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

f) Estar en posesión do carné de conducir tipo B ou superior e dispoñibilidade de vehículo.

g) Acreditar o coñecemento da lingua galega mediante a posesión do Título Celga 2 ou ou equivalente homologado segundo o disposto na Orde 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega. Se non se acreditase este requisito poderase acceder ao proceso selectivo pero será necesario superar a realización dunha proba de lingua galega que terá carácter eliminatorio. Os aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba oral que garanta a capacidade de comunicación en galego coa cidadanía a cal en ningún caso computará como mérito e realizarase ós efectos de garantir o dereito de participar no proceso selectivo para aquelas persoas que non posúiran o título acreditativo de galego con anterioridade á convocatoria. A tales efectos, estar persoas deberán sinalar na súa solicitude de participación no proceso selectivo esta circunstancia. Concluída a valoración de méritos o Tribunal publicará no Taboleiro Electrónico do Concello a relación de aspirantes na orde de puntuación alcanzada e, tras a realización da correspondente proba de galego de ser preciso, elevará o órgano competente a proposta de nomeamento dos aspirantes seleccionados en número non superior ó de prazas convocadas.

### MÉRITOS BAREMADOS

#### I.- PUNTUACIÓN DAS CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS:

a) Por cada mes como desempleado/a:

0,01 puntos máximo 2,00 puntos

(Acreditacións obrigatorias requiridas: (Acreditacións obrigatorias requiridas: Documento acreditativo de rexistro como demandante de emprego DARDE (tarxeta de emprego) onde conste data de inscrición como demandante de emprego, de non constar a data de inscrición na tarxeta de emprego, será necesario presentar, ademais da tarxeta, informe do servizo público de emprego onde se recolla a data de inscrición)

b) Por persoa ou persoas a cargo, menor/es de 21 anos (sen ingresos) ou maior/es de 60 anos (con ingresos menores ao 75% do SMI), que convivan no enderezo do solicitante, cun mínimo de 6 meses de convivencia:

1,00 punto

(Acreditacións obrigatorias requiridas: Certificado municipal dos servizos sociais onde se exprese que a persoa está a cargo do solicitante e non ten ingresos (menores 21 anos) ou os seus ingresos son menores do 75% do SMI (para os maiores de 60 anos), DNI da persoa a cargo, Informe de Vida Laboral da persoa a cargo ou Informe negativo de vida laboral, Declaración da Renda da persoa a cargo do ano anterior ou Certificación de non ter que realizar a Declaración do IRPF e calquera outro documento que puidese requirir a Comisión de Selección no proceso de elaboración das listas para clarexar esta circunstancia).

c) Por minusvalidez do solicitante compatíbel co posto de traballo, igual ou superior ao 33%:

1,00 punto





## Concello de Xinzo de Limia

(Acreditacións obrigatorias requiridas: Certificado do grado de minusvalidez emitido pola Área de Servizos Sociais da Delegación Provincial da Vicepresidencia da Xunta de Galiza, Certificado-Informe do INSS ou da Tesourería Xeral da Seguridade Social a maiores do que se acredite que o solicitante pode compatibilizar o traballo ao que pretende acceder coa minusvalidez que padece).

d) Por minusvalidez, igual ou superior ao 65%, dalgunha das persoas que vivan ao seu cargo, con ingresos inferiores ao 75% do SMI, ata o 2º grau de consanguinidade ou afinidade, cun mínimo de 6 meses de convivencia:

0,50 puntos

(Acreditacións obrigatorias requiridas: Certificado municipal dos servizos sociais onde se exprese que o/a minusválido/a convive e está a cargo do solicitante, Certificado de grau de minusvalidez emitido pola Área de Servizos Sociais da Delegación Provincial da Vicepresidencia da Xunta de Galiza, Declaración da Renda do minusválido ou Certificación de non ter que realizar a Declaración do IRPF, Informe de Vida Laboral ou Informe Negativo de Vida Laboral, e calquer outro documento que puidese requirir a Comisión de Selección no proceso de elaboración das listas para clarexar esta circunstancia).

e) Por ter sido declarado/a, o/a solicitante, vítima dunha agresión constitutiva dun ilícito penal de violencia doméstica ou de xénero nos 5 anos anteriores a esta convocatoria:

0,50 puntos

(Acreditación obrigatoria requirida: Sentenza xudicial)

f) Por tratarse do 1º emprego:

1,00 punto

(Acreditación obrigatoria requirida: Informe de Vida Laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social ou informe negativo emitido pola TXSS).

### II.- PUNTUACIÓN DA EXPERIENCIA PROFESIONAL

a) Por cada mes de servizos prestados nas Administracións públicas relacionados co posto a desempeñar na mesma categoría e referidos aos últimos 4 anos:

0,15 puntos/mes

(Acreditación: Informe de Vida Laboral e Certificado de Servizos prestados para esa Administración ou contratos cotexados)

b) Por cada mes de servizos prestados nas empresas privadas relacionados co posto a desempeñar na mesma categoría e referidos aos últimos 4 anos:

0,10 puntos/mes

(Acreditación: Informe de Vida Laboral e copias cotexadas dos contratos de traballo).

En caso de xornada parcial a puntuación será realizada de xeito proporcionado.

A suma da puntuación dos apartados de experiencia profesional non poderá exceder de 12,00 puntos.

### III.- PUNTUACIÓN DOS MÉRITOS ACADÉMICOS:

**a) Por cada curso de formación ou perfeccionamento realizado con aproveitamento impartido polas Administracións Públicas, universidades, INEM, Funfacción Tripartita para Formación ou sindicatos e relacionados coas funcións propias da categoría á que**





## Concello de Xinzo de Limia

### se opta:

Máximo 3 puntos.

De 10 a 40 horas:	0,10 puntos por curso
De 41 a 100 horas:	0,20 puntos por curso
De 101 a 300 horas:	0,40 puntos por curso
De 301 a 500 horas:	0,60 puntos por curso
De 501 en adiante:	1,00 punto por curso.

(Acreditación: copia compulsada dos certificados acreditativos de ter realizado curso, na que conste o número de horas de formación realizada)

### b) Polo coñecemento acreditado do idioma galego (só se valorará o grado superior alegado):

CELGA 3 ou grao de iniciación:	0,50 puntos
CELGA 4 ou grao de perfeccionamento:	0,75 puntos
CELGA 5 ou equivalente:	1,00 punto

Só se concederá validez, polo que á acreditación do galego se refire, aos cursos e titulacións homologadas pola Xunta de Galicia. Só se puntuará o curso de maior titulación.

**DESEMPATE:** No suposto de empate a puntos entre varios aspirantes atenderase a maior experiencia profesional, e se inda así persistira o empate, dirimirase mediante sorteo.

Á vista dos informes emitidos e existentes no expediente, e en uso das facultades que me otorga o art 21 da lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

### **RESOLVO:**

- 1) Aprobar ás bases e proceder á convocatoria do presente proceso de contratación temporal a través da publicación do correspondente anuncio no diario “La Región” así como no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na Sede Electrónica do Concello de Xinzo de Limia que se atopa na páxina Web do Concello ([www.xinzodelimia.es](http://www.xinzodelimia.es)) debendo seguir o proceso de selección o procedemento ordinario a través de concurso con valoración de méritos contidos no presente Decreto. Se outorgará un prazo de cinco días hábiles para a presentación da documentación a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no diario. Advertirase no anuncio que en caso de presentar a documentación por algún dos medios recollidos no artigo 16.4 da Lei 39/20015, de 1 de outubro, os solicitantes deberán enviar e-mail ó Concello advertindo deste extremo á seguinte dirección [marta.gomez@xinzodelimia-ayto.com](mailto:marta.gomez@xinzodelimia-ayto.com), no prazo de cinco días hábiles contando a partir do seguinte á publicación deste anuncio no diario. Do contrario, a súa candidatura non se terá en conta no proceso selectivo.**
- 2) Designar como integrantes da Comisión Avaliadora ós membros anteriormente relacionados.**
- 3) Ordenar que os resultados deste proceso selectivo se publiquen no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na Sede Electrónica do Concello de Xinzo de Limia que se atopa na páxina Web do Concello ([www.xinzodelimia.es](http://www.xinzodelimia.es)).**

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**





## Concello de Xinzo de Limia

### **ANUNCIO CONVOCATORIA AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO**

O Concello de Xinzo de Limia pretende realizar unha contratación temporal para a substitución da persoa traballadora (auxiliar de axuda no fogar), axustándose ao sistema de baremos en vigor para o persoal laboral temporal, actualizado consonte ás previsións do Real Decreto Legislativo 5/2015, polo que se aproba o Estatuto Básico do Empregado Público, nas condicións que a continuación se detallan :

Nº de prazas: unha (1).

Denominación da praza: auxiliar de axuda no fogar

Clase de persoal: laboral temporal.

Modalidade de contrato temporal: Contratación por substitución da persoa traballadora

Duración: **O contrato por substitución da persoa traballadora finaliza cando teña lugar a reincorporación da titular da praza ou ben a extinción definitiva da relación laboral coa titular da praza.**

Funcións: as propias que se deriven da natureza da praza ofertada.

### **REQUISITOS**

a) Ter a nacionalidade española, ou de Estado Comunitario, ou ser cónxuxe de español ou de nacional de Estado Comunitario, ou ser extranxeiro con residencia legal en España.

b) Posuír a capacidade funcional para ó desempeño das tarefas. Acreditación obrigatoria requerida: certificado médico.

c) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado o inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria o equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso o emprego público. Acreditación obrigatoria requirida: declaración de veracidade.

e) Titulación: Estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención socio sanitaria (regulado no Real Decreto 496/2003, do 2 de maio) ou equivalente a efectos laborais, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención socio sanitaria a persoas no domicilio ou equivalente (certificado de profesionalidade de atención socio sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais), regulado no Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade, ou en condicións de obtelo na data en que termine o prazo de presentación de instancias. No caso de titulacións obtidas no extranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

f) Estar en posesión do carné de conducir tipo B ou superior e dispoñibilidade de vehículo.

g) Acreditar o coñecemento da lingua galega mediante a posesión do Título Celga 2 ou ou equivalente homologado segundo o disposto na Orde 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega. Se non se acreditase este requisito poderase acceder ao proceso selectivo pero será necesario superar a realización dunha





## Concello de Xinzo de Limia

---

proba de lingua galega que terá carácter eliminatorio. Os aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba oral que garanta a capacidade de comunicación en galego coa cidadanía a cal en ningún caso computará como mérito e realizarase ós efectos de garantir o dereito de participar no proceso selectivo para aquelas persoas que non posúan o título acreditativo de galego con anterioridade á convocatoria. A tales efectos, estas persoas deberán sinalar na súa solicitude de participación no proceso selectivo esta circunstancia. Concluída a valoración de méritos o Tribunal publicará no Taboleiro Electrónico do Concello a relación de aspirantes na orde de puntuación alcanzada e, tras a realización da correspondente proba de galego de ser preciso, elevará o órgano competente a proposta de nomeamento dos aspirantes seleccionados en número non superior ó de prazas convocadas.

Instancias: En modelo oficial, que será facilitado aos interesados na Sede Electrónica do Concello de Xinzo de Limia que se atopa na páxina Web do Concello ([www.xinzodelimia.es](http://www.xinzodelimia.es)), e que deberán presentarse no prazo de cinco días hábiles a contar dende o seguinte a aquel en que o anuncio de convocatoria sexa publicado no diario “La Región”, advertindo que en caso de presentar a documentación por algún dos medios recollidos no artigo 16.4 da Lei 39/20015, de 1 de outubro, os solicitantes deberán enviar e-mail ó Concello advertindo deste extremo ó correo [marta.gomez@xinzodelimia-ayto.com](mailto:marta.gomez@xinzodelimia-ayto.com), no prazo de cinco días hábiles a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no diario. Do contrario, a súa candidatura non se terá en conta no proceso selectivo.

Proceso selectivo: Mediante a avaliación dos méritos alegados, segundo os baremos que constan no Decreto de data 19/11/2024, en virtude do cal, procédese á convocatoria da presente contratación temporal que é obxecto de publicación no taboleiro de anuncios do Concello e na Sede Electrónica do Concello de Xinzo de Limia que se atopa na páxina Web do Concello ([www.xinzodelimia.es](http://www.xinzodelimia.es)).

### DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

**O Alcalde**  
**Amador Díaz Penín.**





## Concello de Xinzo de Limia

---

### ANEXO I

D./Dona ..... DNI  
....., domicilio en ....., email.....e  
teléfono nº .....,

,EXPOÑO:

1. Que tiver coñecemento da convocatoria feita polo Concello de Xinzo de Limia para a contratación temporal por substitución de persoa traballadora dunha auxiliar de axuda no fogar mediante concurso de méritos.

2. Que reúno os requisitos previstos nas bases da convocatoria, que declaro coñecer.

3. Que achego coa presente instancia a seguinte documentación:

- Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no caso dos extranxeiros.
- Certificado médico.
- Copia compulsada da titulación esixida e do carnet de conducir tipo B.
- Acreditación documental xustificativa dos méritos alegados.

4. En relación á titulación esixida como requisito para acreditar o coñecemento do idioma galego (marcar con x):

Aporto certificado de coñecemento do idioma galego (Celga 2 ou equivalente)	
Solicito a realización da proba de galego	

Por todo o exposto, SOLICITO que se teña por presentada a presente instancia xunto cos documentos que a acompañan e sexa admitido no proceso selectivo convocado.

Xinzo de Limia, ..... de ..... do 2024

(Asinado polo/a interesado/a)



## Concello de Xinzo de Limia

---

**ANEXO II**

# DECLARACIÓN DE VERACIDADE

D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, maior de idade, con D.N.I. nº \_\_\_\_\_ e enderezo en \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_, e-mail \_\_\_\_\_, perante a Alcalde-Presidente do Concello de Xinzo de Limia para participar na convocatoria efectuada para a contratación temporal dun/dunha auxiliar de axuda no fogar mediante concurso.

### DECLARO:

I.- Que non estou separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinar, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

II.- Que non padezo enfermidade, nin estou afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatíbel co desenvolvemento do traballo ao que opto.

III.- Que teño dispoñibilidade de vehículo.

IV.- Que coa sinatura desta declaración doume por enterado/a que o falseamento de calquera dos seus apartados implica nulidade do posible chamamento ao traballo ou eventual contratación.

Xinzo de Limia, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdº. \_\_\_\_\_